

17- Información ás familias

Informarase de aspectos básicos como: os contidos por avaliación, os procedementos e instrumentos de avaliación, os criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado e as actividades de recuperación.

RESUMO DA PROGRAMACIÓN

OBRADOIRO DE TEATRO 1º BACHARELATO



Contidos por avaliación

1ª avaliación	<p>B1.1 Concepto e tipoloxías de expresión teatral: pantomima, teatro de sombras, teatro de títeres, teatro negro, teatro clásico (traxedia, comedia, drama, traxicomedia, entremés, auto sacramental, farsa, monólogo, vodevil, ópera, zarzuela)</p> <p>B1.3 Natureza, descripción e clasificación dos códigos de significación escénica (xestos, movementos escénicos, maquillaxe ou máscara, peiteado, vestuario, accesorios, decorado, iluminación, música, efectos sonoros)</p> <p>B2.1 Exploración e desenvolvemento harmónico dos instrumentos do/a intérprete: expresión corporal, xestual, oral e rítmico-musical</p> <p>B2.2 Exploración dos elementos na expresión: personaxe, situación, acción e conflito</p> <p>B2.3 Exploración e desenvolvemento de procesos: análise, caracterización e construción do personaxe</p> <p>B2.4 Exploración e desenvolvemento de técnicas:xogo dramático, improvisación, dramatización e creación colectiva</p> <p>B2.5 Análise e control de recursos literarios e outros materiais</p> <p>B2.6 Análise do rol e do personaxe: da conducta dramática á conducta teatral</p> <p>B2.8 Exploración e desenvolvemento de recursos plásticos: deseño da escena, indumentaria, maquillaxe, iluminación, música e recursos sonoros</p> <p>B3.2 Análise do personaxe a partir da situación, a acción, o conflito, os seus obxectivos e as súas funcións</p> <p>B3.3 A partitura interpretativa e a súa execución</p>
2ª avaliación	<p>B1.2 Estilos escénicos e paradigmas interpretativos</p> <p>B2.1 Exploración e desenvolvemento harmónico dos instrumentos do/a intérprete: expresión corporal, xestual, oral e rítmico-musical</p> <p>B2.2 Exploración dos elementos na expresión: personaxe, situación, acción e conflito</p> <p>B2.3 Exploración e desenvolvemento de procesos: análise, caracterización e construción do personaxe</p> <p>B2.4 Exploración e desenvolvemento de técnicas:xogo dramático, improvisación, dramatización e creación colectiva</p> <p>B2.5 Análise e control de recursos literarios e outros materiais</p> <p>B2.6 Análise do rol e do personaxe: da conducta dramática á conducta teatral</p> <p>B2.7 Estudo da escena como espazo significante</p> <p>B2.8 Exploración e desenvolvemento de recursos plásticos: deseño da escena, indumentaria, maquillaxe, iluminación, música e recursos sonoros</p> <p>B3.1 Presentación e estudo das teorías da interpretación</p> <p>B3.2 Análise do personaxe a partir da situación, a acción, o conflito, os seus obxectivos e as súas funcións</p> <p>B3.3 A partitura interpretativa e a súa execución</p> <p>B4.1 Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo</p>

	B4.2 A dramaturxia no deseño dun proxecto escénico B4.3 Producción e realización dun proxecto escénico B4.4 Dirección de escena de proxectos escénicos B4.5 Ensaio: tipoloxía, finalidades e organización B4.6 Exhibición e distribución de produtos escénicos
3ª avaliación	B2.1 Exploración e desenvolvemento harmónico dos instrumentos do/a intérprete: expresión corporal, xestual, oral e rítmico-musical B2.2 Exploración dos elementos na expresión: personaxe, situación, acción e conflito B2.3 Exploración e desenvolvemento de procesos: análise, caracterización e construción do personaxe B2.4 Exploración e desenvolvemento de técnicas: xogo dramático, improvisación, dramatización e creación colectiva B2.5 Análise e control de recursos literarios e outros materiais B2.6 Análise do rol e do personaxe: da conducta dramática á conducta teatral B2.8 Exploración e desenvolvemento de recursos plásticos: deseño da escena, indumentaria, maquillaxe, iluminación, música e recursos sonoros B3.2 Análise do personaxe a partir da situación, a acción, o conflito, os seus obxectivos e as súas funcións B3.3 A partitura interpretativa e a súa execución B4.1 Deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo B4.2 A dramaturxia no deseño dun proxecto escénico B4.3 Producción e realización dun proxecto escénico B4.4 Dirección de escena de proxectos escénicos B4.5 Ensaio: tipoloxía, finalidades e organización B4.6 Exhibición e distribución de produtos escénicos

5.2 Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedemento de avaliación		Instrumento de avaliación	
Probas	PROB	Probas orais	PROB_O
		Probas prácticas (improvisacións individuais e en grupo, preparación de monólogos, pequenos contos...)	PROB_P
Proxecto	PROX	Rúbricas de proxectos (das diferentes fases, do produto final, do proceso)	R-PROX
Producións	PROD	Rúbricas de producións (traballos, portafolio, esquemas, programa, arquivo)	R-PROD
Observación	OBS	Rúbricas de Observacións	R-OBS
Prácticas	PRACT	Rúbrica de prácticas	R-PRACT

Critérios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Traballos individuais e en grupo de representación de esceas	2
Traballos teóricos individuais	2
Traballo diario na aula	2
Participación en representacións escénicas	4
Total	10

Ao final do curso:

	PORCENTAXE NA NOTA FINAL
1. ^a avaliación	3
2. ^a avaliación	3
3. ^a avaliación	4
Total	10

Faráanse por separado a recuperación da parte teórica e práctica ó final de curso. A parte teórica dividirase nos tres trimestres establecidos (cada alumno/a terá que recuperar o que lle corresponda presentando os traballos necesarios e respostando unha serie de preguntas sobre estes traballos) e a parte práctica será única e igual para todos (inclúe a representación dun monólogo preparado polo alumno/a)

Os traballos deben realizarse e presentarse nas datas previstas para respostar as preguntas sobre os mesmos. Quen non se presente ás probas sen entregar xustificante médico, certificado acreditativo de deber inescusable ou xustificante de morte dun familiar de primeiro ou segundo grao, segundo o establecido no *Protocolo para a prevención e control do absentismo escolar en Galicia* (Anexo 4 do NOF do Centro) terá un cero na dita proba.

No caso de detectar que se copia nalgunha proba se asume o acordo de claustro de proceder a retirar dita proba dándolle ao alumno a oportunidade de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

Se un traballo persoal denota signos evidentes de ter sido copiado será avaliado cun cero. No caso de ser idéntico ao doutro compañeiro, tanto o que copiou como o que permitiu a copia será avaliado negativamente.

Avaliación extraordinaria

Estrutura da proba de avaliación extraordinaria de setembro

Instrumento de avaliación	Porcentaxe na cualificación
Proba escrita: - Respostar preguntas a partir dunha serie de traballos teóricos	70 %
Proba práctica que constará de: - A representación dun monólogo preparado polo alumno/a	30%

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

A partir dos principios educativos establecidos no borrador do proxecto educativo do centro, desde a materia de Obradoiro de Teatro tentaremos acadar que o alumnado goce das artes (neste caso do Teatro e as representacións escénicas) desenvolvendo a súa capacidade creativa. Por iso daremos prioridade ás aprendizaxes a través da experiencia a partir dunha actividade reflexiva e comunicativa para que cheguen a comprender e disfrutar destas manifestacións artísticas

As aprendizaxes deberán adaptarse ás características individuais dos alumnos (partir dos coñecementos que teñen os alumnos, das súas expectativas e posibilidades de éxito, das súas características persoais e intelectuais, dos seus ritmos de aprendizaxe...). De ahí a importancia da avaliación inicial

Tamén se pretende potenciar o estudo individual, a busca autónoma de documentación, e a organización independente do traballo.

PROPOSTAS DE MELLORA A PARTIR DOS RESULTADOS DO CURSO ANTERIOR

En vista dos resultados do curso anterior (100% de aprobados) non hai cambios previstos

En Mugar dos, a 18 de Outubro de 2019

Asinado: Olga Cabalar Fernández